



**Auditores Asociados**

**AXENCIA TURISMO  
DE GALICIA**

**Informe de Auditoría  
de las Cuentas Anuales  
al 31 de Diciembre de 2.014**

## **INFORME DE AUDITORÍA**

**INFORME DE AUDITORÍA DO SECTOR PÚBLICO DAS CONTAS DA  
AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA CORRESPONDENTES A 2014**

**I. INTRODUCCIÓN**

ATD Auditores Sector Público, S.L e Auditores Asociados de Galicia, S.A.P., Unión Temporal de Empresas auditaron as contas anuais da AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA que comprenden, o balance de situación a 31 de decembro de 2014, a conta de resultado económico-patrimonial, o estado de liquidación do orzamento e a memoria correspondentes ao exercicio anual rematado na devandita data.

A Directora da AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA é responsábel da formulación das contas anuais da entidade de acordo co marco de información financeira que se detalla na nota 4 da memoria adxunta e en particular de acordo cos principios e criterios contables, así mesmo, é responsábel do control interno que considere necesario para permitir que a preparación das citadas contas anuais estean libres de incorrección material. As contas anuais ás que se refire o presente informe foron formuladas pola Directora da AXENCIA TURISMO DE GALICIA o 30 de marzo de 2015 e foron postas a disposición de ATD Auditores Sector Público, S.L e Auditores Asociados de Galicia, S.A.P., Unión Temporal de Empresas o 29 de xullo de 2015.

**II. OBXECTIVO E ALCANCE DO TRABALLO: RESPONSABILIDADE DOS AUDITORES**

A nosa responsabilidade é emitir unha opinión sobre se as contas anuais adxuntas expresan a imaxe fiel, baseada no traballo realizado de acordo coas Normas de Auditoría do Sector Público. As devanditas normas esixen que planifiquemos e executemos a auditoría co fin de obter unha seguridade razoable, aínda que non absoluta, de que as contas anuais están libres de incorrección material.



Unha auditoría leva consigo a aplicación de procedementos para obter evidencia axeitada e suficiente sobre os importes e a información recollida nas contas anuais. Os procedementos seleccionados dependen do xuízo do auditor, incluída a valoración dos riscos de incorrección material nas contas anuais. Ao efectuar as devanditas valoracións do risco, o auditor ten en conta o control interno relevante para a preparación e presentación razoable por parte do xestor das contas anuais, co obxectivo de deseñar os procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade. Unha auditoría tamén inclúe a avaliación da adecuación dos criterios contables e da razoabilidade das estimacións contables realizadas polo xestor, así como a avaliación da presentación global das contas anuais.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e axeitada para emitir a nosa opinión de auditoría.


### III. OPINIÓN

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA a 31 de decembro de 2014, así como dos seus resultados e do estado de liquidación do orzamento correspondentes ao exercicio anual rematado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables e orzamentarios contidos neste.

### IV. ASUNTOS QUE NON AFECTAN Á OPINIÓN

Sen que afecte á nosa opinión chamamos a atención sobre o que se indica na Nota 1 da memoria adxunta, e no que se fai referencia a que a Axencia aplica o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia que non foi adaptado ao Plan Xeral de Contabilidade Pública vixente publicado na Orde EHA/1037/2010 do 13 de abril.

29 de xullo de 2015



---

D. Juan Bautista de la Salle Barreiro Pérez  
Socio



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA

Praza Mazarelos, 15  
15703-SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 546358

*galicia*

Contas anuais do exercicio 2014

---

# AXENCIA TURISMO DE GALICIA

Marzo de 2015



INDICE

	<u>Páxinas</u>
<b>* CONTAS ANUAIS DO EXERCICIO 2014</b>	
Balance de situación .....	2
Conta do Resultado Económico-Patrimonial .....	4
Estado de Liquidación do Orzamento .....	6
Memoria .....	10
1.- Organización e bases de representación .....	11
2.- Distribución do Resultado .....	25
3.- Estado operativo .....	25
4.- Información de carácter financeiro .....	25
4.1.- Cadro de financiamento .....	25
4.2.- Remanente de tesouraría .....	27
4.3.- Tesouraría .....	28
5.- Información sobre a execución do gasto público .....	29
5.1.- Modificacións do crédito .....	32
5.2.- Remanentes de crédito .....	34
5.3.- Clasificación funcional do gasto .....	35
5.4.- Execución de proxectos de inversión .....	35
5.5.- Contratación administrativa .....	37
5.6.- Transferencias e subvencións concedidas .....	42
5.7.- Convenios .....	45
5.8.- Persoal .....	58
5.9.- Acredores por operacións pendentes de aplicar ao Orzamento .....	60
5.10.- Anticipos de Tesouraría .....	60
5.11.- Obrigas de orzamentos pechados .....	60
5.12.- Compromisos de gasto con cargo a orzamentos de exercicios posteriores .....	61
5.13.- Outra información de determinado gasto público .....	62
6.- Información sobre a execución do ingreso público .....	63
6.1.- Proceso de xestión .....	63
6.2.- Devolucións de ingresos .....	65
6.3.- Transferencias e subvencións recibidas .....	65
6.4.- Taxas, prezos públicos e prezos privados e outros ingresos .....	67
6.5.- Aplicación do remanente de tesouraría .....	68
6.6.- Dereitos a cobrar de orzamentos pechados .....	69
6.7.- Dereitos orzamentarios pendentes de cobro segundo o seu grado de esixibilidade .....	69
6.8.- Desenvolvemento dos compromisos de ingreso .....	70



	Páxinas
6.9.- <i>Compromisos de ingreso con cargo a orz. de exercicios posteriores</i> .....	70
6.10.- <i>Outra información de determinado ingreso público</i> .....	70
7.- <i>Gastos con financiamento afectada</i> .....	71
8.- <i>Información sobre el inmovilizado no financeiro</i> .....	71
8.1.- <i>Inmovilizado inmaterial</i> .....	71
8.2.- <i>Inmovilizado material</i> .....	72
8.3.- <i>Investimentos xestionados para outros entes públicos</i> .....	73
8.4.- <i>Investimento destinado ao uso xeral</i> .....	74
9.- <i>Debedores e acredores non orzamentarios e outras partidas do balance</i> .....	76
9.1.- <i>Debedores non orzamentarios</i> .....	76
9.2.- <i>Acredores non orzamentarios</i> .....	76
9.3.- <i>Administracións públicas</i> .....	76
9.4.- <i>Inversións financeiras permanentes</i> .....	77
9.5.- <i>Outros saldos</i> .....	77
9.6.- <i>Axustes por periodificación</i> .....	77
9.7.- <i>Investimentos financeiros temporais</i> .....	78
9.8.- <i>Existencias</i> .....	78
10.- <i>Fondos propios</i> .....	78
10.1.- <i>Patrimonio recibido en adscrición</i> .....	78
11.- <i>Situación fiscal</i> .....	79
11.1.- <i>Imposto sobre beneficios</i> .....	79
11.2.- <i>Imposto sobre valor engadido</i> .....	79
12.- <i>Outra Información</i> .....	80
12.1.- <i>Orzamentos iniciais aprobados para o exercicio 2014</i> .....	80
12.2.- <i>Avales</i> .....	80
12.3.- <i>Acredores do exercicio con volume de operacións relevantes</i> .....	80
12.4.- <i>Outra información</i> .....	80
12.5.- <i>Feitos posteriores</i> .....	84
12.6.- <i>Orzamentos aprobados para o ano 2014</i> .....	84
12.7.- <i>Información sobre los aprazamentos de pago efectuados a provedores. Disposición Adicional Tercera. "Deber de información" da Lei 15/2010, de 5 de Xullo</i> .....	84
12.8.- <i>Información sobre dereitos de emisión de gases de efecto invernadeiro</i> .....	85



**XUNTA DE GALICIA**  
**PRESIDENCIA**

Praza Mazarinos, 15  
15703-SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 881 546358

*galicia*

## CONTAS ANUAIS DO EXERCICIO 2014

---

### AXENCIA TURISMO DE GALICIA





**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA

Praza Mazarelos, 15  
15703-SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 546358

*galicia*

## Balance de Situación

---

Ao 31 de decembro de 2014



**AXENCIA TURISMO DE GALICIA**

**BALANCE DE SITUACIÓN AO 31 DE DECEMBRO DE 2014**

Nº CONTAS	ACTIVO	31/12/2014	31/12/2013
	<b>A) INMOBILIZADO</b>	<b>3.880.902,49</b>	<b>498.825,47</b>
	II. Inmobilizacións inmateriais	23.971,30	0,00
212	2. Propiedade industrial	24.292,05	0,00
(281)	7. Amortizacións	-320,75	0,00
	III. Inmobilizacións materiais	81.253,99	31.768,41
220,221	1. Terreos e construcións	21.719,50	0,00
223,224	2. Instalacións técnicas, maquinaria e utillaxe	3.938,95	0,00
226	3. Mobiliario	59.292,53	32.508,12
227,228,229	4. Outro inmovilizado	1.116,85	0,00
(282)	5. Amortizacións	-4.813,84	-739,71
23	IV. Inversións xestionadas	3.775.636,50	438.257,06
	V. Inversións financeiros permanentes	40,70	28.800,00
250, 251, 256	1. Carteira de valores a longo prazo	28.800,00	28.800,00
260, 265	3. Fianzas e depósitos constituídos a longo prazo	40,70	0,00
(297)	4. Provisións	-28.800,00	
	<b>C) ACTIVO CIRCULANTE</b>	<b>12.490.997,67</b>	<b>10.244.800,83</b>
	I. Existencias	12.591,47	0,00
31,32	2. Materias primas e outros aprovisionamentos	12.591,47	0,00
	II. Debedores	9.151.151,43	9.071.775,24
43	1. Debedores orzamentarios	9.135.456,38	9.072.134,52
44	2. Debedores non orzamentarios	15.695,05	-359,28
	III. Inversións financeiros temporais	-9.603,42	0,00
544	2. Outros investimentos e créditos a curto prazo	-9.603,42	0,00
57	IV. Tesouraría	3.331.569,44	1.173.025,59
480, 580	V. Axustes por periodificación	5.288,75	0,00
	<b>TOTAL XERAL (A+B+C)</b>	<b>16.371.900,16</b>	<b>10.743.626,30</b>

Nº CONTAS	PASIVO	31/12/2014	31/12/2013
	<b>A) FONDOS PROPIOS</b>	<b>6.046.246,36</b>	<b>951.035,36</b>
	III. Resultados de exercicios anteriores	951.035,36	0,00
120	1. Resultados positivos de exercicios anteriores	951.035,36	
129	IV. Resultados do exercicio	5.095.211,00	951.035,36
	<b>B) PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS</b>	<b>38.552,90</b>	<b>33.360,00</b>
	<b>D) ACREDORES A CURTO PRAZO</b>	<b>10.287.100,90</b>	<b>9.759.230,94</b>
	III. Acredores	8.692.774,80	9.759.230,94
40	1. Acredores orzamentarios	7.439.657,42	9.695.111,88
41	2. Acredores non orzamentarios	2.374,37	93,50
475,476,477	4. Administracións públicas	1.285.417,17	62.153,35
554, 559	5. Outros acredores	-55.604,68	1.872,21
560, 561	6. Fianzas e depósitos recibidos a curto prazo	20.930,52	0,00
485, 585	IV. Axustes por periodificación	1.594.326,10	0,00
	<b>TOTAL XERAL (A+B+C+E)</b>	<b>16.371.900,16</b>	<b>10.743.626,30</b>



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA

Praza Mazarinos, 15  
15703-SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 546358

## Conta do Resultado Económico-Patrimonial

---

Exercicio 2014



**AXENCIA TURISMO DE GALICIA**

**CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL EXERCICIO 2014**

Nº CONTAS	DEBE	31/12/2014	31/12/2013
	<b>A) GASTOS</b>	<b>33.974.826,06</b>	<b>35.651.359,67</b>
601,611	2. Aprovisionamentos		
	b) Consumos de materias primas e outras materias consumibles	334.403,86	0,00
		334.403,86	0,00
	3. Outros gastos de xestión ordinaria		
	a) Gastos de persoal:	23.639.871,93	6.869.674,59
640,641	a.1) Soldos, salarios e asimilados	9.375.892,34	3.640.095,71
642,644	a.2) Cargas sociais	7.351.010,34	2.934.583,43
68	c) Dotacións para amortizacións de inmovilizado	2.024.882,00	705.512,28
	e) Outros gastos de xestión:	4.394,88	739,71
62	e.1) Servizos exteriores	14.230.784,71	3.228.839,17
63	e.2) Tributos	14.223.159,95	3.227.865,33
696	g) Variación das provisións de investimentos financeiros	7.624,76	973,84
		28.800,00	0,00
	4. Transferencias e subvencións		
650	a) Transferencias correntes	9.974.087,69	28.748.325,08
651	b) Subvencións correntes	3.003.860,60	9.147.721,26
655	c) Transferencias de capital	797.801,85	135.000,00
656	d) Subvencións de capital	4.585.961,39	16.510.550,93
		1.586.463,85	2.955.052,89
	5. Perdas e gastos extraordinarios		
678	c) Gastos extraordinarios	26.462,58	33.360,00
679	d) Gastos e perdas doutros exercicios	38.552,90	33.360,00
		-12.090,32	0,00
	<b>AFORRO</b>	<b>5.095.211,00</b>	<b>951.035,36</b>

Nº CONTAS	HABER	31/12/2014	31/12/2013
	<b>B) INGRESOS</b>	<b>39.070.037,06</b>	<b>36.602.395,09</b>
	1. Ventas e prestacións de servizos		
700	a) Ventas	3.428.795,91	0,00
705	b) Prestacións de servizos	46.165,06	0,00
		3.382.630,85	0,00
	3. Ingresos de xestión ordinaria		
740	a) Ingresos tributarios	257.575,72	128.702,05
	d) Outros ingresos de xestión	110.209,29	86.077,41
775,777	d.1) Ingresos accesorios e outros ingresos de xestión corrente	136.161,41	38.481,91
	g) Outros xuros e ingresos asimilados	136.161,41	38.481,91
763,765,769	g.1) Outros xuros	11.205,02	4.142,73
		11.205,02	4.142,73
	4. Transferencias e subvencións		
750	a) Transferencias correntes	35.350.305,43	36.473.692,98
755	c) Transferencias de capital	14.274.026,69	13.791.782,29
		21.076.278,74	22.681.910,69
	5. Ganancias e ingresos extraordinarios		
778	c) Ingresos extraordinarios	33.360,00	0,00
		33.360,00	0,00
	<b>DESAPORRO</b>		



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA

Praza Mazarelos, 15  
15703-SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 881 546358

## Estados de Liquidación do Orzamento

---

Exercicio 2014



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA

Praza Mazarinos, 15  
15703-DANTIGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 540329



**AXENCIA TURISMO DE GALICIA**

**ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO.  
EXERCICIO 2014**

**I. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS**

**CLASIFICACIÓN ECONOMICA**

Artigo	DESCRIPCIÓN	CREDITOS ORZAMENTARIOS			GASTOS COMPROMETIDOS (4)	OBRIGAS RECORRIDAS NETAS (5)	RIMANENTES DO CREDITO (6)=(3)-(4)-(5)	PAGAMENTOS (7)	OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO AO 31 DE DECEMBRO (8)=(2)-(7)
		INICIAIS (1)	MODIFICAC. (2)	DEFINITIV. (3)=(1)+(2)					
10	Años cargos e despidos	51.789,00	0,00	51.789,00	51.542,81	51.542,81	246,17	51.542,81	0,00
12	Fundacións	3.004.811,00	0,00	3.004.811,00	2.826.629,41	2.826.629,41	178.181,59	2.826.629,41	0,00
13	Laborais	4.705.446,00	-6.509,12	4.758.836,88	4.471.588,54	4.471.588,54	287.248,34	4.471.588,54	0,00
15	Incentivos ao rendemento	0,00	0,00	0,00	1.814,56	1.814,56	-1.814,56	1.814,56	0,00
16	Costos, prestacións e gastos sociais por conta do empregador	2.276.370,00	-2.014,77	2.274.355,23	2.024.882,00	2.024.882,00	249.473,23	2.024.882,00	0,00
	<b>CAPÍTULO 1: GASTOS PERSONAIS</b>	<b>10.008.426,00</b>	<b>-8.523,89</b>	<b>10.088.909,11</b>	<b>9.375.892,34</b>	<b>9.375.892,34</b>	<b>714.006,82</b>	<b>9.375.892,34</b>	<b>0,00</b>
20	Alugamentos e canons	102.008,00	0,00	102.008,00	102.008,00	102.008,00	0,00	102.008,00	0,00
21	Reparación, mantemento e conservación	325.572,50	-43.716,27	461.856,78	50.756,71	50.756,71	411.100,07	411.100,07	6.042,22
22	Material, subministracións e outros	2.283.175,00	9.324,42	2.292.499,42	825.525,21	722.257,40	1.569.242,02	583.779,98	175.477,47
23	Indemnizacións por razóns do servizo	200.723,00	0,00	200.723,00	2.372.263,31	2.086.940,55	285.322,76	1.810.315,33	276.625,27
	<b>CAPÍTULO 2: GASTOS EN BENS CORRENTES E DE SERVIZOS</b>	<b>2.793.787,00</b>	<b>-44.391,80</b>	<b>2.752.375,20</b>	<b>3.210.108,74</b>	<b>2.859.954,25</b>	<b>892.367,25</b>	<b>2.460.779,47</b>	<b>458.144,78</b>
25	Xarros de dadora e outros gastos financeiros	0,00	1.500,00	1.500,00	0,00	0,00	1.500,00	0,00	0,00
	<b>CAPÍTULO 3: GASTOS FINANCIEROS</b>	<b>0,00</b>	<b>1.500,00</b>	<b>1.500,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>1.500,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
64	A Sociedades públicas e outros entes públicos	2.028.765,00	0,00	2.028.765,00	2.028.175,20	2.028.175,20	590,80	2.028.175,20	210.014,40
66	A Corporacións locais	1.035.000,00	-200.000,00	835.000,00	631.086,42	631.086,42	203.913,58	344.646,09	288.417,31
67	A empresas privadas	246.182,00	153.818,00	400.000,00	315.938,89	315.938,89	84.061,11	124.000,00	180.000,00
68	A Familias e institucións sen fins de lucro	670.000,00	-663.818,00	326.182,00	235.000,00	235.000,00	91.182,00	30.000,00	705.000,00
	<b>CAPÍTULO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>	<b>4.609.947,00</b>	<b>-410.000,00</b>	<b>4.199.947,00</b>	<b>3.869.160,45</b>	<b>3.869.160,45</b>	<b>598.284,55</b>	<b>2.808.426,09</b>	<b>889.234,79</b>
60	Investimento novo en infraestruturas	1.095.000,00	-940.079,39	754.920,61	186.679,68	186.679,68	568.320,93	11.854,00	176.821,69
62	Investimento de reposición	4.290.747,00	2.279.688,21	6.570.435,21	5.083.942,55	4.318.997,88	2.251.437,33	1.978.746,13	2.339.253,25
63	Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos	681.400,00	1.379.876,85	2.060.276,85	1.085.085,22	1.085.085,22	74.891,63	1.010.646,18	75.259,04
64	Investimento de reposición asociado ao funcionamento operativo dos servizos	300.000,00	131.177,50	431.177,50	21.719,50	21.719,50	409.458,00	21.719,50	0,00
	<b>CAPÍTULO 5: INVESTIMENTOS REAIS</b>	<b>10.971.607,00</b>	<b>1.243.176,27</b>	<b>12.214.783,27</b>	<b>11.740.952,47</b>	<b>11.477.045,26</b>	<b>737.737,21</b>	<b>2.466.081,00</b>	<b>1.870.652,71</b>
70	A Administración local	17.940.174,00	-6.089.393,44	12.050.780,56	19.040.289,82	17.892.429,14	4.041.338,30	13.010.652,81	4.481.476,33
74	A Sociedades públicas e outros entes públicos	0,00	80.000,00	80.000,00	80.000,00	80.000,00	0,00	80.000,00	0,00
76	A Corporacións locais	60.000,00	107.921,48	167.921,48	129.700,00	129.700,00	38.221,48	60.000,00	89.700,00
77	A empresas privadas	4.289.432,00	-1.237.889,87	3.051.542,13	1.641.884,41	1.543.884,41	907.657,72	770.107,62	871.776,79
78	A Familias e institucións sen fins de lucro	265.000,00	344.824,81	609.824,81	746.857,92	622.445,98	287.378,83	378.176,97	232.776,91
	<b>CAPÍTULO 6: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL</b>	<b>6.791.807,00</b>	<b>-2.552.344,84</b>	<b>4.239.462,16</b>	<b>3.207.861,59</b>	<b>2.969.860,00</b>	<b>269.601,59</b>	<b>1.155.804,50</b>	<b>1.383.705,80</b>
	<b>TOTAL</b>	<b>43.232.120,00</b>	<b>-3.089.428,94</b>	<b>40.142.691,06</b>	<b>38.540.412,76</b>	<b>37.585.737,76</b>	<b>7.001.811,18</b>	<b>30.412.177,11</b>	<b>7.324.340,67</b>



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA

PINZA MAZATELOS, 15  
15703-SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 548358

galicia

AXENCIA TURISMO DE GALICIA  
ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO  
EXERCICIO 2014

II. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

Artigo	DESCRIPCIÓN	PREVISIONS ORZAMENTARIAS			DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS (4)	RECADACION NETA (5)	DEREITOS POTES. DE COBRO AO 31 DE DECEMBRO (6)=(4)-(5)
		INICIAIS (1)	MODIFICAC. (2)	DEFINITIV (3)=(1)+(2)			
30	Taxas	87.500,00	0,00	87.500,00	119.209,29	110.209,29	0,00
31	Prezos	3.000,00	0,00	3.000,00	5.027.924,35	4.096.217,04	931.707,31
39	Otros ingresos	4.664.500,00	0,00	4.664.500,00	116.826,50	116.826,50	0,00
	<b>CAPÍTULO 3: TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS</b>	<b>4.755.000,00</b>	<b>0,00</b>	<b>4.755.000,00</b>	<b>5.254.960,14</b>	<b>4.323.252,83</b>	<b>931.707,31</b>
41	Da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia	13.648.839,00	0,00	13.648.839,00	13.197.223,36	13.197.223,36	0,00
47	De empresas privadas	0,00	0,00	0,00	1.076.803,33	1.076.803,33	0,00
	<b>CAPÍTULO 4: TRANSFERENCIAS CORRIENTES</b>	<b>13.648.839,00</b>	<b>0,00</b>	<b>13.648.839,00</b>	<b>14.274.026,69</b>	<b>14.274.026,69</b>	<b>0,00</b>
52	Xuros de depósitos	12.300,00	0,00	12.300,00	10.568,54	10.568,54	0,00
54	Rendos de bens inmobles	34.000,00	0,00	34.000,00	7.969,05	749,00	7.220,05
55	Produtos de concesións e aproveitamentos especiais	0,00	0,00	0,00	7.200,00	7.200,00	0,00
	<b>CAPÍTULO V INGRESOS PATRIMONIALES</b>	<b>36.300,00</b>	<b>0,00</b>	<b>36.300,00</b>	<b>25.737,59</b>	<b>18.517,54</b>	<b>7.220,05</b>
71	Da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia	24.731.981,00	0,00	24.731.981,00	20.723.898,83	12.527.369,81	8.196.529,02
74	De sociedades públicas e outros entes públicos da CA Galicia	0,00	0,00	0,00	144.379,91	144.379,91	0,00
77	De empresas privadas	0,00	0,00	0,00	208.000,00	208.000,00	0,00
	<b>CAPÍTULO 7: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL</b>	<b>24.731.981,00</b>	<b>0,00</b>	<b>24.731.981,00</b>	<b>21.076.278,74</b>	<b>12.879.749,72</b>	<b>8.196.529,02</b>
	<b>TOTAL</b>	<b>43.232.120,00</b>	<b>0,00</b>	<b>43.232.120,00</b>	<b>40.631.003,16</b>	<b>31.495.546,78</b>	<b>9.135.456,38</b>



AXENCIA TURISMO DE GALICIA

ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

EXERCICIO 2014

III. RESULTADO DE OPERACIONES COMERCIALES

DEBE	IMPORTE		HABER	IMPORTE	
	ESTIMADO	REALIZADO		ESTIMADO	REALIZADO
VARIACION DE EXISTENCIAS DE:					
- Materias primas	0,00	-12.591,47			
COMPRAS NETAS					
- Materias primas	381.900,00	346.995,33			
<b>TOTAL</b>	<b>381.900,00</b>	<b>334.403,86</b>			
			- VENTAS NETAS		
			- Mercaderías	0,00	46.165,06
			<b>RESULTADO NEGATIVO DE OPERACIONES COMERCIALES</b>	<b>381.900,00</b>	<b>258.238,80</b>
			<b>TOTAL</b>	<b>381.900,00</b>	<b>334.403,86</b>

IV. RESULTADO ORZAMENTARIO

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	IMPORTE
1. (+) Operacións non financeiras			
2. (+) Operacións con activos financeiros	40.584.838,10	36.972.701,75	3.612.136,35
3. (+) Operacións comerciais (*)		40,70	-40,70
	46.165,06	346.995,33	-300.830,27
<b>I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2+3)</b>			<b>3.311.265,38</b>
II. VARIACION NETA DE PASIVOS FINANCIEROS			0,00
<b>III. SALDO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I+II)</b>			<b>3.311.265,38</b>
4. (+) Créditos gastados financiados con remanente de tesourería			0,00
<b>IV. SUPERÁTIV OU DÉFICIT DE FINANCIAMENTO DO EXERCICIO (III+4)</b>			<b>3.311.265,38</b>

(\*) Só para entes que realicen operacións de carácter industrial ou comercial.





XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA

Praza Mazarelos, 15  
15703-SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 546356

galicia

## Memoria das Contas Anuais

---

Do exercicio rematado o 31 de decembro de 2014



## MEMORIA DAS CONTAS ANUAIS DO EXERCICIO REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2014

### NOTA 1.-Organización e bases de presentación

#### a) Constitución, funcións e actividade

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, na súa disposición adicional cuarta, autoriza o Consello da Xunta de Galicia para a creación da Axencia de Turismo de Galicia, que terá como obxectivo básico impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Mediante o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, crease a Axencia Turismo de Galicia e apróbanse os seus estatutos (DOG 193 do 9 de outubro de 2012).

O modelo instrumental elixido, o de axencia pública autonómica, recollido no artigo 74 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, é o que mellor se adapta ás necesidades de autonomía e de flexibilidade na xestión sobre os recursos asignados necesarios para o desenvolvemento da política turística, sector clave da economía galega.

A Axencia de Turismo de Galicia asume as competencias, recursos e medios materiais que lle correspondían á Secretaría Xeral para o Turismo, aos servizos de Turismo nas xefaturas territoriais e ao Consorcio Instituto de Estudos Turísticos, desde o momento en que se produza a extinción da súa personalidade xurídica. O Consorcio disolveuse no Decreto 99/2013, do 27 de xuño (DOG 28/06/2013).

A Axencia de Turismo de Galicia asumirá tamén as competencias, recursos e medios materiais que lle corresponden á Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (o Consello da Xunta de Galicia autoriza a súa disolución e inicio do proceso de liquidación na Resolución de 21/01/2014 (DOG 06/02/2014)), así como a tutela funcional da S.A. Xestión do Plan Xacobeo, desde o momento en que se produza a modificación do seu obxecto social, que se produce o 24/02/2014 (BORME 05/03/2014). A S.A. Xestión do Plan Xacobeo manterá a súa personalidade xurídica propia e o seu obxecto social consistirá no mantemento e conservación dos camiños, a rede de albergues e a divulgación do feito e cultura xacobeos.

Coa sesión constitutiva do Consello Reitor do día 18 de febreiro de 2013, quedou formalmente constituída a Axencia Turismo de Galicia. En dita sesión constitutiva acordouse que a data de posta en funcionamento da Axencia Turismo de Galicia fose o 1 de marzo de 2013. Polo tanto, o 1 de marzo de 2013 entra en funcionamento a nova organización, iniciándose a súa actividade.

O seu domicilio atópase na Praza Mazarelos, 15, en Santiago de Compostela. O código de identificación fiscal é Q1500394J



A Axencia Turismo de Galicia ten a súa sede institucional en Santiago de Compostela (no domicilio social) e tamén conta con áreas de ámbito provincial nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra

Natureza, Adscrición e Obxecto: *Segundo sinalan nos artigos 1 a 5 dos Estatutos:*

A Axencia Turismo de Galicia é una axencia pública autonómica das reguladas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Esta axencia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

A Axencia ten como obxectivos básicos:

- a) Desenvolver o turismo na Comunidade Autónoma de Galicia baixo os principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade, seguindo parámetros de eficiencia e eficacia
- b) A potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da mellora de competitividade das empresas turísticas e a valorización dos recursos turísticos.
- c) O incremento das magnitudes cuantitativas e cualitativas turísticas: participación no PIB galego, estadia media, número de visitantes e pernoitas, gasto medio, emprego turístico, certificacións en sistemas de xestión de calidade
- d) O fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.
- e) O impulso á innovación, investigación, formación e cualificación das empresas e profesionais do sector turístico.
- f) A mellora do posicionamento do turismo galego no panorama nacional e internacional.
- g) A diversificación da oferta turística de Galicia coa consolidación dos produtos turísticos clave para competir no ámbito turístico nacional e internacional e a creación de novos produtos que posibiliten unha vantaxe competitiva e permitan desestacionalizar a demanda turística.
- h) A promoción da imaxe marca-país de Galicia, desde unha óptica integral e marca-país.
- i) A colaboración entre todos os axentes turísticos tanto no ámbito da Administración pública como no sector privado.

A Axencia Turismo de Galicia ten personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión, dentro dos límites que establezan a normativa vixente e os estatutos.



Corresponde á Axencia Turismo de Galicia, dentro da esfera da súa competencia, o exercicio das potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins e funcións, nos termos establecidos no presente estatuto e de acordo coa lexislación aplicable.

A Axencia Turismo de Galicia está adscrita funcionalmente á Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Réxime xurídico. Segundo sinala o artigo 6 dos Estatutos:

A Axencia axustará a súa actuación ao establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e ao resto do ordenamento xurídico. O seu réxime xurídico interno regularase polo dereito administrativo, e o réxime xurídico externo, polo dereito administrativo ou o dereito privado segundo a normativa aplicable

Competencias e funcións. Segundo sinala o artigo 9 dos Estatutos:

Para o cumprimento dos seus obxectivos, a Axencia de Turismo de Galicia ten as seguintes competencias e funcións sen prexuízo das que correspondan a outras entidades integrantes do sector público autonómico:

- a) A planificación da política de ordenación e inspección, fomento e competitividade do turismo dentro da comunidade autónoma, determinando as liñas de actuación de política turística, equilibradas e sustentables, que deben rexer no territorio galego.
- b) A elaboración e proposta de normativa nas materias da súa competencia.
- c) A dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo que se desenvolvan no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma.
- d) A instauración de canles efectivas de comunicación con outros organismos locais, provinciais e da Administración central e outras administracións, así como co sector privado.
- e) O desenvolvemento e xestión de plans integrais de turismo para aplicar nos xeodestinos e/ou establecementos turísticos, apostando pola innovación, calidade e sustentabilidade dos produtos turísticos que configuren o portafolios de produtos turísticos de Galicia.
- f) O aproveitamento e potenciación dos recursos turísticos de Galicia mediante a promoción, publicidade, relacións públicas e outras accións de notoriedade, tanto no interior de Galicia coma no resto de España e no exterior, sen prexuízo das competencias da Administración central do Estado.
- g) A coordinación, o impulso, a xestión e a execución das actividades de promoción turística interior e exterior públicas e público-privadas.



- h) Os labores de información turística tanto a nivel nacional como internacional, directamente ou a través de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para a creación, coordinación e desenvolvemento destas accións de información e promoción turística interior e exterior.
- i) Directamente ou a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.
- j) A coordinación da participación da Comunidade Autónoma nas exposicións universais.
- k) Dirixir e coordinar as actuacións relativas á análise, estudo, coñecemento e estatísticas no eido turístico, así como o desenvolvemento de tarefas de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no eido do turismo, sen prexuízo doutros organismos con competencias nestas materias.
- l) O impulso da competitividade do sector turístico privado, fomentando a mellora da xestión interna das empresas turísticas, a I+D+i, a cooperación entre empresas e a formación.
- m) A aplicación dos mecanismos necesarios para mellorar as estruturas e os fundamentos da formación profesional turística.
- n) A formación de formadoras ou formadores vinculados aos estudos turísticos, tanto desde o punto de vista teórico coma práctico, así como a formación continua dos traballadores do sector turístico, sen prexuízo das competencias que lles poidan corresponder a outros organismos.
- ñ) Calquera outra actividade orientada a mellorar a posición do sector turístico de Galicia no marco español e internacional.
- o) O exercicio da función estatística da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de turismo, no marco do previsto no artigo 44 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.
- p) Todas as operacións que sexan preparatorias, auxiliares ou complementarias das mencionadas.

Organización. Segundo sinala o capítulo IV dos Estatutos:

Os órganos da Axencia son:

- a) De goberno.  
– A Presidencia.  
– O Consello Reitor.
- b) De goberno e executivo.  
– A Dirección.
- c) Outros órganos:  
– A Xerencia.



- A Comisión de Control e Seguimento
- A Asesoría Xurídica.
- As direccións.
- As áreas.
- A Secretaría de Coordinación Económica e Administrativa.

A Presidencia da Axencia corresponderá ao/á titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

O Consello Reitor é o órgano colexiado de goberno da Axencia Turismo de Galicia. Estará integrado pola Presidencia, a Vicepresidencia, as vogalías e a secretaria. A Presidencia do Consello Reitor correspóndelle á persoa titular da Presidencia da axencia.

A Vicepresidencia do Consello Reitor correspóndelle á persoa titular da Dirección da axencia. Esta substituirá a persoa titular da Presidencia do consello nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.

Serán vogais do Consello Reitor un/unha representante de cada unha das consellerías da Xunta de Galicia designados/as pola persoa titular da consellería, de entre os/as titulares dos seus órganos superiores ou de dirección.

A persoa que ocupe a Secretaría do Consello Reitor será designada e nomeada por este, entre o persoal que presta servizos na Axencia, e asistirá ás reunións con voz pero sen voto.

A Dirección é o órgano executivo da axencia e correspóndelle a súa xestión ordinaria. A persoa responsable da Dirección será nomeada polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellería de adscrición. Terá a consideración de alto cargo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, con rango de secretario/a xeral.

Estrutura orgánica. Segundo sinala o capítulo IV dos Estatutos:

A Axencia Turismo de Galicia estrutúrase en direccións, que terán carácter directivo con nivel orgánico equivalente ao de subdirección xeral, dependentes directamente da Dirección da Axencia .

Para o desenvolvemento das funcións que lle son encomendadas, a Xerencia contará cunha Secretaría de Coordinación Económica e Administrativa, con nivel orgánico equivalente ao de subdirección xeral á cal lle corresponde a coordinación, seguimento e control das áreas dependentes da Xerencia

As áreas da Axencia en cada provincia, con nivel orgánico equivalente a servizo, teñen encomendada a xestión de competencias desta no respectivo ámbito territorial e, sen prexuízo da súa integración na Xerencia, exercerán as súas competencias de acordo coas instrucións e directrices emitidas polos restantes órganos directivos da Axencia.



Os estatutos establecen as funcións de cada área da axencia e sinalan a súa estrutura interna:

- **Secretaría de Coordinación Económica e Administrativa**
  - Área de Xestión Económica e Orzamentaria
  - Área de Contratación
  - Área de Apoio Xurídico e Lexislativo
  - Área de Recursos Humanos
  - Área de Obras e Mantemento
- **Dirección de Competitividade**
  - Área de Inspección Turística
  - Área de Fomento e Desenvolvemento Empresarial
  - Área de Calidade e Proxectos Europeos
  - Área de Estudos e Investigación
- **Dirección de Promoción**
  - Área de Produtos
  - Área de Proxectos e Accións Promocionais
  - Área de Documentación e Información Turística
  - Área de Comunicación
  - Área de Imaxe e Xestión de Marca
  - Área de Innovación Turística
  - Área de Feiras
- **Dirección de Profesionalización**
  - Área do Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG)
  - Área de Formación Continua e Consultoría

No seo do Consello Reitor constituirase unha comisión de control segundo sinala o artigo 21 dos Estatutos. Estará composta por catro membros designados polo dito órgano, que serán un representante da Axencia, un representante da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, un representante da consellería que ten as competencias en materia de orzamentos e un representante da consellería que ten as competencias en materia de avaliación e reforma administrativa. En ningún caso os membros da Comisión de control e seguimento serán coincidentes cos membros do Consello Reitor, a excepción dos membros que non teñan voto no dito consello. A presidencia da Comisión desempeñará o representante da consellería que ten competencias en materia de orzamentos. A persoa que ocupe a Secretaría da comisión será a persoa que ocupe a Secretaría do Consello Reitor. As funcións da comisión de control figuran no artigo 22 dos Estatutos.



Segundo se recolle no artigo 23 dos Estatutos, o asesoramento xurídico da Axencia Turismo de Galicia corresponderá á Asesoría Xurídica da Axencia que estará integrada na Axencia. A Asesoría Xurídica da Axencia dependerá, funcionalmente, da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e rexeráse polo disposto no Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia. A Asesoría Xurídica da Axencia estará integrada por funcionarios/as do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, escala de letrados. Para a representación e defensa en xuízo da Axencia formalizarase un convenio coa Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia nos termos previstos no regulamento orgánico antedito.

Pola súa banda, o artigo 7 dos Estatutos establece a *condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia* e o artigo 4 as *Potestades administrativas*. Ademais, os estatutos recollen regulación de contrato plurianual de xestión e o plan de acción anual (capítulo III), o réxime patrimonial, económico e financeiro (capítulo V), o réxime de persoal (capítulo VI), transparencia na xestión (capítulo VII).

Segundo se recolle no decreto polo que se aproban os Estatutos da Axencia:

- A Axencia de Turismo de Galicia realizará o primeiro inventario dos bens que se lle adscriben e dos que puidese adquirir para o inicio da súa actividade antes de que transcorra un ano desde a súa posta en funcionamento. (Disposición adicional novena. Inventario).
- Axencia Turismo de Galicia asumirá, desde a súa constitución, as competencias atribuídas á Secretaría Xeral para o Turismo e os servizos de Turismo das xefaturas territoriais, que quedarán suprimidos no momento da dita constitución, de acordo co disposto no artigo 46.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e o novo ente subrogarase en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas derivados do exercicio das competencias do devandito órgano. (Disposición adicional primeira).

**b) Enumeración das entidades vinculadas ao suxeito contable**

A Axencia posúe participacións na *Estación Invernal de Manzaneda, S.A.*

A Axencia non posúe participacións en ningún organismo autónomo, entidade pública sometida ao dereito privado, entidade pública con estatuto xurídico especial nin noutras sociedades mercantís distintas da mencionada anteriormente ou de outro tipo.

**c) Bases de presentación das Contas Anuais**

*Imaxe fiel*

As Contas Anuais do exercicio 2014 adxuntas foron formuladas pola Directora da Axencia Turismo de Galicia e someteranse á consideración do Consello Reitor para a súa aprobación. Foron preparadas a partir dos rexistros contables da Axencia e preséntanse de acordo co Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, aprobado por Orde da Consellería de Economía e Facenda de 28 de novembro de 2001 (DOG 239 de 12 de decembro de 2001), de forma que mostran a imaxe fiel do





patrimonio, da situación financeira, do resultado económico-patrimonial e da execución do orzamento da Axencia.

Non figuran as partidas ás que non corresponde importe algún no exercicio nin no precedente.

A Directora da Axencia estima que as Contas Anuais do exercicio 2014 serán aprobadas polo Consello Reitor sen variacións significativas.

#### Principios contables aplicados

Para a elaboración das contas anuais foron seguidos os principios contables establecidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, aplicando as normas de valoración que os desenvolven e que se detallan no apartado e) da presente nota da Memoria.

#### Comparación da información

As adxuntas contas anuais preséntanse sobre a base dos principios contables esixidos pola lexislación aplicable en vigor e, polo tanto, preséntanse comparativamente coas do exercicio anterior as cifras do balance de situación, da conta do resultado económico-patrimonial e do cadro de financiamento.

Non obstante, cabe suliñar que no exercicio 2014 a axencia asume a xestión de Turgalicia, na que está o Centro Superior de Hostería de Galicia, cuestión a ter en conta na comparación da información.

#### d) Clasificacións en estados de orzamentos

As clasificacións efectuadas para a presentación do Estado de Liquidación do orzamento, así como para o resto de estados e informes orzamentarios incorporados na Memoria, débense a:

##### ▪ Clasificación orgánica

A Axencia Turismo de Galicia é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, que non presenta unha clasificación orgánica con órganos independentes na súa xestión. Así, a clasificación orgánica de axencia é o propio centro como un único órgano e, polo tanto, non se confecciona un estado de liquidación do orzamento de gastos por clasificación orgánica (sería o total da execución do orzamento confeccionado).

##### ▪ Clasificación funcional por programas

A Xunta de Galicia, asignoulle a súa clasificación funcional por programas, sendo o programa único da Axencia Turismo de Galicia o 761A. *Coordinación e promoción do turismo.*

##### ▪ Clasificación económica

A entidade utilizou a clasificación económica autorizada pola Xunta de Galicia (Consellería de Facenda), adecuada á súa xestión e actividade.



e) Normas de valoración

As principais normas de valoración utilizadas pola Axencia na elaboración das contas anuais do exercicio 2014, de acordo co establecido polo Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, foron as seguintes:

e.1.) Inmobilizacións inmateriais

Os diversos elementos comprendidos no inmovilizado inmaterial valóranse polo seu prezo de adquisición ou o seu custo de produción; aplicanse os criterios establecidos para o inmovilizado material tanto polo que respecta á dotación de amortizacións como de provisións, sen prexuízo do sinalado nas normas seguintes con respecto aos bens e dereitos que a continuación se indican:

Propiedade industrial: Na valoración séguese o criterio xeral de prezo de adquisición ou custo de produción. Trátase de marcas e figuran amortizadas linealmente a un 2%.

Outro inmovilizado inmaterial

Contabilízanse polo seu custo de compra ou polos incorridos na súa adquisición. No exercicio 2014 a entidade activou como "outro inmovilizado inmaterial" determinados gastos acometidos pola Axencia en campañas publicitarias, visitas guiadas, proxectos, estudos e outros. O motivo principal é o carácter inmaterial dos gastos, que están realizados para o beneficio ou aproveitamento futuro da sociedade galega.

Trátase de gastos orzamentarios incluídos no capítulo 6, na partida orzamentaria 64. *Gastos en Investimentos de carácter Inmaterial* por promoción e difusión do turismo (ver nota 8.1 memoria).

Ao peche do exercicio, a axencia procede a amortizar na súa totalidade ditos custos activados, rexistrando o gasto na conta de resultados económico-patrimonial na partida de "servicios exteriores", dada a natureza dos mesmos. Á súa vez, no peche do exercicio, procede a dar de baixa os activos do balance.

e.2.) Inmobilizacións materiais

Os bens comprendidos no inmovilizado material figuran valorados ao prezo de adquisición ou ao custo de produción, tendo en conta as correccións valorativas que deben efectuarse.

Dentro destes custos se consideran todos os gastos adicionais producidos ata a posta en funcionamento do ben, excluindo os gastos financeiros xirados polos provedores ou os devengados por créditos destinados exclusivamente á súa adquisición ou obtención. Tamén se inclúe no custo de adquisición os impostos indirectos que gravan o ben e non sexan recuperables.

Cando se trata de bens adquiridos a título gratuito ou que foran recibidos en cesión considerarase como prezo de adquisición o valor venal dos mesmos no momento da



incorporación patrimonial, esto é, o valor asignado polo ente cedente, con contrapartida na conta "Patrimonio recibido en cesión" do balance de situación.

No caso de bens recibidos en adscrición, tómase como prezo de adquisición o valor neto dos mesmos na contabilidade do adscrinte no momento da adscrición, este é o valor asignado polo ente adscrinte, con contrapartida na conta "Patrimonio recibido en adscrición" do balance de situación.

Na reversión de bens cedidos, a entidade cedente dará de alta os mesmos polo valor que figurara no seu inventario no momento da cesión, procedendo a continuación a reflectir as posibles diferenzas de acordo co verdadeiro estado dos bens revertidos.

Na reincorporación de bens adscritos, a entidade adscrinte dará de alta os mesmos polo valor neto que figura na contabilidade do ente beneficiario nese mesmo momento, procedendo, polo tanto, a reflectir as posibles diferenzas.

As diferenzas ás que se fai referencia nos dous parágrafos anteriores considéranse resultados do exercicio no que se produzan.

Incorporarase ao valor do inmovilizado correspondente o importe das inversións adicionais ou complementarias que se realicen, valorándose estas de acordo cos criterios establecidos anteriormente.

Os custos de renovación, ampliación, mellora ou grandes reparacións dos bens que supoñen un aumento da súa capacidade, produtividade ou alongamento da súa vida útil, se inclúen no inmovilizado, previa eliminación do mesmo dos bens substituídos ou reformados, sempre e cando sexa posible coñecer ou estimar razoablemente o valor neto dos elementos substituídos que deban ser dados de baixa do inventario.

As reparacións que non representen unha ampliación da vida útil e os gastos de mantemento son cargados directamente nas respectivas contas de gastos do exercicio.

#### Corrección do valor de inmovilizado material:

En todos os casos se deducen as amortizacións practicadas, as cales haberán de establecerse sistematicamente en función da vida útil dos bens, atendendo á depreciación que normalmente sufran polo seu funcionamento, uso e desfrute, sen prexuízo de considerar tamén as obsolescencias que puideran afectalos.

O inmovilizado material amortízase seguindo o método lineal, estimando un valor residual nulo, distribuindo o custo dos activos entre os anos de vida útil estimada, segundo os seguintes coeficientes de amortización aplicados en relación aos bens:

Instalacións técnicas e Maquinaria .....	5% e 12%
Mobiliario .....	10%
Outro inmovilizado .....	10%

Pola depreciación duradeira que non se considera definitiva dótase unha provisión pola diferenza entre o valor contable do ben e o seu valor de mercado estimado. Esta provisión dedúcese igualmente a efectos de establecer a valoración do ben do que se trate. Neste



caso non se manterá a valoración inferior se as causas que motivaron a corrección de valor houberen deixado de existir.

Cando a depreciación dos bens é irreversible e distinta da amortización sistemática, contabilízase directamente a perda e a diminución de valor do ben correspondente.

**e.3.) Investimentos xestionados para outros entes públicos**

Son bens que, sendo adquiridos ou construídos con cargo ao orzamento de gastos da axencia, suxiato contable, debe ser transferida a súa titularidade necesariamente a outra entidade unha vez finalizado o procedemento de adquisición ou finalizada a obra e con independencia de que a entidade destinataria participe ou non no seu financiamento.

Os bens adquiridos ou construídos para ser transferidos a outra entidade figurarán no activo, ata o momento da súa entrega, polo precio de adquisición ou custo de produción, seguindo os criterios sinalados para o inmovilizado material. Non obstante, non será de aplicación o establecido respecto á dotación de amortizacións e demais correccións valorativas.

No momento da súa entrega ou transferencia á outra entidade, dase de baixa no activo con cargo a conta de resultado económico-patrimonial (*Transferencias e subvencións*).

**e.4.) Existencias**

A axencia presenta rexistradas ao peche do exercicio existencias polas materias primas do Centro Superior de Hostelería de Galicia. Figuran valoradas ao prezo de adquisición, que comprende o sinalado na factura máis todos os gastos adicionais nos que incorra ata que os bens estean no almacén, tales coma transportes, aduanas, seguros, etc. Tamén se inclúen o importe dos impostos indirectos que gravan a adquisición das existencias que non sexan directamente recuperables da Facenda pública.

A axencia non rexistra ao peche do exercicio existencias polos materiais diversos e material de oficina comprados no exercicio, posto que son consumidos no mesmo. O efecto que tería na conta de resultados e no balance do exercicio a consideración de ditos materiais que figuraran ao peche como existencias carece de importancia relativa.

**e.5.) Créditos e demais dereitos a cobrar non orzamentarios.**

Rexistraranse polo importe entregado. No caso de créditos, a diferenza entre dito importe e o nominal dos créditos deberá computarse como ingreso por intereses no exercicio no que se devenguen, seguindo un criterio financeiro e recoñecéndose o crédito por intereses no activo.

Os créditos por venda de inmovilizado valoraranse polo prezo de venda, excluídos en todo caso os intereses incorporados ao nominal do crédito, os cales serán imputados como se indica no parágrafo anterior.



Os intereses devengados e non vencidos figurarán en contas de crédito do grupo 2 ou 5 en función do seu vencemento.

Rexistraranse en ditas partidas de crédito os intereses implícitos que se devenguen, con arranxo a un criterio financeiro, con posterioridade á data de adquisición dos valores negociables.

Deberán practicarse as correccións de valor que procedan, dotándose, no seu caso, as correspondentes provisións, para reflectir as posibles insolvencias que se presenten con respecto ao cobro dos activos de que se trate.

**e.6.) Débedas e demais obrigas non orzamentarias.**

Figurarán no balance polo seu valor de reembolso. No seu caso, a diferenza entre dito valor e a cantidade recibida figurará separadamente no activo do balance; tal diferenza debe imputarse anualmente a resultados nas cantidades que corresponda de acordo cun criterio financeiro.

